

ACTA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL E VALORACIÓN DE MÉRITOS NO PROCESO DE SELECCIÓN, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, DE DÚAS (2) PERSOAS DESEMPREGADAS PARA OCUPAR OS POSTOS DE OFICIAIS DE ALBANERÍA PARA O CONCELLO DE TEO. PEL 2024.

Sendo as 09:30 horas do día 22/07/2024 reúnense o tribunal para a selección de persoal laboral temporal, por concurso-oposición, de dúas (2) persoas desempregadas para ocupar os postos de oficiais 1ª albanería, para o Concello de Teo, por cinco (5) meses e 15 días/no seu defecto ata o 31 de decembro de 2024, a xornada completa, para levar a cabo os traballos contemplados no proxecto “Execución de obras e xestión de camiños tradicionais”, proceso convocado por Decreto da Alcaldía de data 24 de xuño de 2024 (res. 774/2024) ao abeiro da concesión de subvención da Excm. Deputación de A Coruña, Programa PEL-CONCELLOS 2024, de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia, incluído na Liña 1.1 do Plan de emprego local (PEL) (BOP nº 206, de 27/10/2023)

Presidente:

D. Ignacio Soto González, arquitecto municipal do Concello de Teo.

Vogais:

D. Diego Rodríguez Porto, técnico de xestión económica e tesouraría do concello de Teo.

Secretaria:

D^a. M^a Elena Sueiro Fernández, adxunta á Secretaría do Concello de Teo.

Sendo as 09:30 horas do día 22/07/2024, pola Presidencia, declárase constituído o tribunal.

De conformidade co establecido nas bases da convocatoria, procédese a valorar os méritos achegados e xustificados polos/as aspirantes admitidos, aplicando a valoración que se recolle no Anexo I das citadas bases, obténdose o seguinte resultado:

APELIDOS E NOME	DNI	A	B	C	D	E	F	Total
Sánchez Ribadas, Tamara	***2111**	1,00	0	1,00	0	0	0	2,00

*Os apartados A-F, que encabezan parte das columnas do cadro, correspóndense cos apartados recollidos no Anexo I das bases da convocatoria

De acordo coas bases que rexen a convocatoria o Tribunal ACORDA:

1º. Publicar na páxina web e no tabolerio de anuncios a puntuación dos méritos dos participantes.

2º. Emprazar ás persoas aspirantes, para a realización da fase de oposición nos seguintes lugares e horas:

- **Primeiro exercicio: Mércores, 24 de xullo de 2024, ás 09:00 horas na nave de obras do Concello (Lucí).**
- **Segundo exercicio: Mércores, 24 de xullo de 2024, ás 11:00 horas na Sala de Xuntas do Concello de Teo.**

3º. Solicitar axuda de Jesús Manuel Rodríguez García, encargado da brigada de obras do concello de Teo como persoal técnico ou asesor de acordo co previsto na base 5ª.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as nove horas cincuenta minutos do día indicado, dáse por rematado o acto, estendéndose a presente acta que, en proba de conformidade, asínase por todos os membros do tribunal.

Presidente

Ignacio Soto González

Vogal

Diego Rodríguez Porto

Secretaria

Mª Elena Sueiro Fernández.